



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 13 DE XUÑO DE 2016

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as dezoito horas e cinco minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Mugardos: José Antonio López Sueiro, representante do Concello de Mugardos
- Concello de Narón: Manuel Antonio Ramos Rodríguez, representante do Concello de Narón.
- Concello de Neda: Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, Alcalde.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Roel Hernández-Serrano, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión de 9 de maio de 2016.

Por unanimidade das persoas asistentes acórdase aprobar a acta da sesión de 9 de maio de 2016.

2. Presentación de informe de cumprimento de prazos da Ley 15/2010 no cuarto trimestre de 2016.

Queda presentado o informe.

3. Ratificación do decreto do Presidente da Mancomunidad polo que se acorda aceptar a subvención do Fondo de Compensación Ambiental e requirir dos concellos o compromiso de financiamento da achega correspondente á Mancomunidad do proxecto subvencionado.

Examinado o Decreto do Presidente de 6 de xuño de 2016 a continuación transcrito, as persoas asistentes acordan por unanimidade ratificalo:

"INFORME-PROPOSTA

O 11 de Xaneiro de 2016 o Pleno da Mancomunidad acordou presentar unha solicitude á convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016 (Orde do 21 de decembro de 2015) da liña en concorrencia non competitiva na que se inclúe: a) unha actuación para gastos de funcionamento do servizo de xestión de residuos voluminosos, e b) unha actuación de investimento no refuxio de animais.

O 27 de xaneiro de 2016 o Presidente da Mancomunidad resolveu solicitar unha subvención ao abeiro da referida orde do 21 de decembro de 2015 e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela para o proxecto denominado "Actuacións de protección do ambiente e do espazo natural no ano 2016", cun orzamento total de 118.501,10 €, integrado polas seguintes actuacións:

- 1. Servizo mancomunado de xestión de residuos voluminosos (gastos de funcionamento): 59.200,00 €.*
- 2. Saneamento do Refuxio mancomunado de animais (investimento): 59.301,10 €*



O 8 de febreiro de 2016 o Pleno da Mancomunidad, examinada a memoria xustificativa dos proxectos e o formulario de solicitude, acordou ratificar o citado decreto de 27 de xaneiro.

Por resolución do 25 de maio de 2016 do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza acordouse conceder á Mancomunidad unha subvención para o proxecto solicitado nas seguintes condicións:

Actuación	Orzamento	Porcentaxe de financiamento	Importe da subvención	Achega da Mancomunidad
Servizo mancomunado de xestión de residuos voluminosos (gastos de funcionamento)	59.200,00 €	70%	41.440,00 €	17.760,00 €
Saneamento do Refuxio mancomunado de animais (investimento)	59.301,10 €	70%	41.510,77 €	17.790,33 €
Total	118.501,10 €		82.950,77 €	

O financiamento do servizo de xestión de residuos Voluminosos forma parte do orzamento da Mancomunidad.

O financiamento do investimento no saneamento do Refuxio de Animais require a xeración de crédito mediante o compromiso de realización dunha achega específica por cada concello.

O prazo de xustificación da subvención remata o 30 de setembro de 2016.

De acordo co anterior,

PROPONSE

1. Aceptar a subvención concedida e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.
2. Requirir dos concellos integrantes da Mancomunidad a adopción dun acordo do respectivo órgano competente polo que o municipio se compromete a realizar a achega correspondente ao financiamento do proxecto conforme o seguinte cadro:

Achegas dos Concellos da Mancomunidad		
Concello	Poboación (cifras oficiais a 1 de xaneiro de 2015)	Achegas
Ares	5743	655,43 €
Cabanas	3299	376,50 €
Cedeira	7062	805,96 €
Fene	13385	1.527,59 €
Ferrol	69452	7.926,34 €
Mugardos	5362	611,95 €
Narón	39565	4.515,43 €
Neda	5261	600,42 €
Valdoviño	6753	770,70 €
Total	155882	17.790,33 €

3. A presente resolución someterase a ratificación polo Pleno da Mancomunidad na próxima sesión que celebre co obxecto de axilizar o expediente de xeración de crédito.

Ferrol, 6 de xuño de 2016,
O Xerente da Mancomunidad



Asdo.: Luis Alcalá Baillie

Fiscalizado e conforme,
O Interventor,
Asdo: Fidel García Martul.

DECRETO

Logo de ver a anterior proposta, apróboa nos seus propios termos.

Deste xeito o manda e asina o lltmo. Presidente da Mancomunidade a 6 de xuño de 2016, do que, como Secretario, DOU FE

O Presidente

O Secretario

Jorge Juan Suárez Fernández

Leopoldo Moure García

Así mesmo, acórdase que os remanentes de crédito que se establezan en relación co servizo de xestión de residuos voluminosos a consecuencia desta subvención destinaranse mediante o procedemento oportuno a outros fins de interese da Mancomunidade, en particular á realización dos estudos necesarios para a contratación mancomunada da xestión da EDAR e sistemas de colectores-interceptores, entre outros fins posibles a determinar polo Pleno.

4. Proxecto de ampliación e mellora do Refuxio de animais de Mougá.

Preséntase ao Pleno da Mancomunidade unha memoria valorada da ampliación do Refuxio de Animais e Mougá redactada por unha arquitecta de TRAGSATEC e acompañada de planos, na que se establece un orzamento de 119.604,36 € para a obra.

Luis Alcalá informa da consulta realizada á xerente de Costa Noroeste sobre a posibilidade de financiamento deste proxecto cos fondos xestionados polo Grupo de Desenvolvemento Rural.

As persoas asistentes acordan que a Mancomunidade solicitará unha axuda con esta fin no día en que SEITURA se constitúa como receptora de fondos de AGADER.

5. Dotación de desfibriladores nos concellos da Mancomunidade.

Preséntase ao pleno o informe do xerente da Mancomunidade de 9 de xuño de 2016 sobre a dotación de desfibriladores nas instalacións municipais dos concellos da Mancomunidade.

Trala deliberación, por unanimidade das persoas asistentes, acórdase:

1. Cada concello se fará cargo da adquisición e xestión dos seus respectivos desfibriladores.
2. O concello de Narón colaborará cos concellos da Mancomunidade proporcionando formación ao persoal asignado aos desfibriladores nos termos que se establezan.

6. Seguimento e impulso de servizos e proxectos.

O xerente informa da convocatoria de axudas da Deputación da Coruña para a contratación de persoal para as oficinas de turismo municipais.

7. Réxime de retribución e substitución de funcionarios adscritos á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.



Por unanimidade das persoas asistentes adóptase o seguinte acordo:

**"RÉXIME RETRIBUTIVO E DE SUSTITUCIÓNS DOS FUNCIONARIOS ADSCRITOS Á
MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE FERROL**

O artigo 14 dos Estatutos da Mancomunidad establece:

"A Función Pública de Secretaría, que comprende fé pública e o asesoramento legal preceptivo, así como o control e fiscalización, intervención na xestión económica-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería e recadación, en tanto non sexan cubertas por algún dos sistemas legalmente admitidos, serán exercidas por funcionarios con habilitación nacional que desenvolvan a súa función no Concello que ostente a Presidencia".

Polo exercicio destas funcións os funcionarios titulares da Secretaría, Intervención e Tesourería perciben de conformidade cos Presupostos aprobados unha retribución anual íntegra de 9.823,94 euros que dividida en 14 pagas equivale a 701,71 euros/mes, cantidade que para o ano 2016 será incrementada nun 1% de conformidade coa Lei de Presupostos Xerais do Estado para este exercicio.

O que non regulan os Estatutos é o réxime de substitucións destes funcionario que exercen funcións de carácter reservado e que de conformidade coa última modificación da Lei 7/1985 estas funcións reservadas teñen que ser exercidas por funcionarios con habilitación de carácter nacional ou ben, e en defecto destes, con funcionarios suficientemente capacitados contando coa preceptiva autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma.

No Concello de Ferrol as substitucións do Secretario e do Interventor lle corresponden por imperativo legal á Oficial Maior e ó Viceinterventor mentres que a substitución da Tesoureira lle corresponde á Recaudadora habilitada ó efecto pola Dirección Xeral de Administración Local.

Polo que procede regular o réxime de retribucións dos substitutos nos supostos de ausencia ou vacante dos titulares, regulando a substitución cando esta supere os 15 días ou ben sempre que proceda a mesma cando por razóns de necesidade como asistencia a sesións de órganos colexiados, informes urxentes, firma de documentos, sexa necesario.

Así se propoñen os seguintes acordos:

1.- Os titulares da Secretaría, Intervención e Tesourería percibirán as retribucións íntegras que figuran no presuposto da Mancomunidad, sen que proceda ningún tipo de desconto por vacacións nin asuntos propios. Con relación ó réxime da incapacidade laboral transitoria se aplicará o establecido no artigo 9 do Real Decreto Lei 20/2012.

2.- Os funcionarios substitutos, é dicir, a Oficial Maior do Concello de Ferrol e o Viceinterventor así como a Recaudadora Municipal mentres subsista a autorización da Comunidade Autónoma cobrarán a correspondente substitución en base a 701,71, é dicir, 23,39 euros/día, incrementando o 1% para o ano 2016 sempre que a substitución supere os 15 días ou, sendo inferior, que sexa necesario a súa participación pola asistencia a órganos colexiados, informes de carácter urxente, firmas de documentos...etc.

Estas substitucións terán que ser decretadas polo Presidente da Mancomunidad con independencia das do Concello de Ferrol dando traslado da mesma á Tesourería da Mancomunidad.

3.- De conformidade cos criterios fixados anteriormente estes se aplicarán con efectos retroactivos á reclamación efectuada pola Oficial Maior do Concello de Ferrol.




4.- Por parte do Pleno da Mancomunidade se procederá á realización das modificacións presupostarias que sexan necesarias para o cumprimento dos mencionados acordos."

8. Rogos e preguntas.

Por unanimidade das persoas asistentes acórdase que os plenos da Mancomunidade nos meses de verán se celebrarán en horario de mañá.


E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezanove horas e vinte minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade



Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

O Secretario da Mancomunidade



Asdo: Leopoldo Moure García